

VOCES PRERROMANAS DO LÉXICO COMÚN NA TOPONIMIA GALEGA

Luz Méndez
[Real Academia Galega]

1. INTRODUCCIÓN

Na selección de entradas do *Toponomasticon Hispaniae*,¹ feita con criterios cartográficos, cremos que non deberíamos descartar a inclusión dos topónimos máis frecuentes das distintas áreas, aqueles que máis coñece a xente e polos que pode sentir máis interese. Certo é que nalgúns casos eses topónimos, se non todos, están xa moi estudados, pero nunca é de máis un repaso pola súa historia e pola bibliografía que xeraron, que moitas veces achega novidades.

Para a escolla neste traballo do corpus dos nomes de lugar proveniente de voces prerromanas que subsistiron ata a actualidade no léxico común, partimos de Boullón Agrelo (2021), que trata os 81 topónimos que máis se repiten na toponimia galega.

Non é doado o establecer o número concreto destas formas, principalmente porque o *Nomenclátor de Galicia* (NG) está en constante revisión: a creación de novos núcleos residenciais, os intereses dos gobernos municipais que separan ou agrupan lugares, o abandono do mundo rural... alteran o número dos nosos topónimos case constantemente. Alén diso, o reconto sempre pode ser variable, atendendo a que o topónimo sexa a propia palabra, en singular ou plural, conteña a palabra nunha posición ou noutra (como núcleo ou como complemento), aceptemos a variación gráfica, se procede (*Lama Grande*, *Lamagrande*), e, tamén, a variación dialectal cando é posible (*Gándara*, *Gandra*, *Granda*).²

De entre os que rexistra Boullón Agrelo, son en principio de étimo remoto prerromano 14 topónimos, correspondentes a palabras rexistradas nos dicionarios que forman parte do vocabulario usual da lingua: *Lama*, *Veiga*, *Rego*, *Coto*, *Gándara*, *Barreiro*, *Carballal*, *Bouza*, *Carballo*, *Laxe*, *Regueiro*, *Barral*, *Carballeira*, *Barcia/Barxa*. Tratarémolos sucintamente, agás *Lama*, que comentaremos con máis profundidade. Trataremos sobre o seu significado, a etimoloxía e a súa datación na *Gallaecia*, os topónimos derivados e compostos, e os cognados toponímicos que presenta nas linguas veciñas peninsulares. Dos outros trece falaremos sucintamente.

Queremos comentar aquí tamén de xeito breve dous topónimos, *Pazo* e *Barrio*, incluídos na lista dos máis frecuentes de Boullón Agrelo, para os que hoxe se aceptan a orixe latina e árabe, respectivamente, aínda

1. Este traballo enmárcase no proxecto de investigación Toponimia de Galicia e Portugal (PID2020-114216RB-C61), integrado no proxecto coordinado *Toponomasticon Hispaniae*, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España (MCIN/AEI/10.13039/501100011033/).

2. Estas son as variables que contempla Boullón Agrelo (2021:41).

que estas se puxeron en cuestión nalgún momento desde Galicia: Moralejo Álvarez (2005: 219-237) propuxo para *pazo* unha orixe prerromana **palatio* 'curro, curral', que a semántica do termo nos documentos medievais parece contradicir claramente. Pola súa parte, Bascuas (2014: § 25.1 e ss.) apunta como étimo dos topónimos *Barrio* (e derivados *Barreal*, *Barrial*) un prerromano **barrio*, derivado de *barro* «co común sufixo *-io*».

As fontes toponímicas utilizadas neste traballo foron o devandito NG para Galicia, o *Buscador de Toponimia* de Política Llingüística para Asturias (BTA) e o *Nomenclátor geográfico de municipios y entidades de población* (NGE) para o conxunto de España, aínda que, para León, tomamos tamén como referencia el *Léxico del Leonés Actual* de Janick Le Men (LLA). No caso de Portugal recorremos a unha base de datos que nos proporcionou o Sistema Nacional de Informação Geográfica. Aínda que en 2013 se realizou unha Reorganización Administrativa do Territorio das Freguesias (RAFT), que agrupou algunhas parroquias ata reducir o seu número en máis dun milleiro e que modificou os límites doutras, isto non afectou, que saibamos, ós seus topónimos.

2. O TOPÓNIMO (A) LAMA

(A) *Lama* e os seus compostos e derivados son os topónimos de orixe prerromana máis frecuentes na toponimia maior de Galicia.³

2.1. Significado

O *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG) recolle *lama* co único significado de 'masa branda que se forma ao mesturarse terra, area, follas etc., con auga'.

No *Diccionario da Real Academia Española* (DRAE), figura con oito acepcións:

1. f. Cieno blando, suelto y pegajoso, de color oscuro, que se halla en algunos lugares del fondo del mar o de los ríos, y en el de los recipientes o lugares en donde hay o ha habido agua largo tiempo.
2. f. Prado, pradería.
3. f. Alga u ova de los lamedales o charcales.
4. f. *Ingen*. En minería, lodo de mineral muy molido, que se deposita en el fondo de los canales por donde corren las aguas que salen de los aparatos de trituración de las menas.
5. f. *And*. Arena muy menuda y suave que sirve para mezclar con la cal.
6. f. *Chile*, *Col.*, *Hond.*, *Méx.* y *P. Rico*. musgo (|| planta).
7. f. *Chile*, *Col.*, *Hond.* y *Méx.* Capa de plantas criptógamas que se cría en las aguas dulces.
8. f. *Col.* y *Méx.* moho (|| capa que se forma en un cuerpo metálico).

3. Segundo o reconto de Boullón (2021: 41), hai 215 topónimos formados coa palabra *lama* ou que a conteñen, en singular e en plural. Con todo, esta autora non suma nin o topónimo do concello (*A Lama*, Pontevedra) nin os das parroquias que a conteñen no nome nin, polo que parece, os topónimos que a levan en segundo lugar, tipo *Eixe de Lamas* ou *Chao de Lamas*, o que incrementaría o número a 270.

Queremos chamar a atención sobre a segunda, definida como 'prado, pradería' e incluída no DRAG desde 1992, segundo o *Mapa de diccionarios académicos*. Non se engade ningún tipo de indicación xeográfica, polo que debemos entender que sería xeral en todo o territorio de fala castelá.

No *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* (DPLP) rexístrase cos seguintes significados, entre eles un local, do norte do país, tamén coa acepción de 'prado':

1. Conjunto de matérias soltas do solo ensopadas em água.
2. Sedimento terroso no fundo das águas. = LODO.
3. [Figurado] Estado de degradação ou de vergonha. = LODO
4. Insulto.
5. [Informal, Figurado] Homem sem energia.
6. [Portugal: Trás-os-Montes] Lameiro, prado.

No *Diccionario de la llingua asturiana* (DALLA, online), *llama* figura cos significados de 'folla, entemez [d'agua y barru que se forma nos caminos, nos terrenos] e 'folloru, sitiu [onde hai entemez d'agua y barru].⁴

O *Léxico do leonés actual* (LLA) enumera catro acepcións de *llama* coas pronuncias [tsama | lama | chama], dúas delas como 'prado' ou 'terreo para pasto':

1. Prado con fuente propia que está siempre húmedo.
2. Zona de hierba verde que siempre tiene humedad.
3. Terreno sin riego cuyo aprovechamiento es el pasto de primavera o una sola siega en julio.
4. Barro, lodo.⁵

Obsérvase que en galego non se recolle no diccionario académico a acepción de 'prado' ou 'pasteiro'. Tampouco a recolle o DALLA para o Asturiano.

Nas obras lexicográficas galegas históricas recompiladas no *Diccionario de Dicionarios* (DdD), só encontramos rexistrada outra acepción, en Elixio Rivas:

Terreno baldío, comunal, con pastos para el ganado del vecindario; a veces se arrienda a un particular (Medeiros e Sarreaus, Our.). En Medeiros, se trata de una banda irregular, continua, entre los sembrados o fincas particulares, como si en un reparto muy antiguo hubiese quedado como sobrante de las sortes. [...] La hierba, a veces, se siega. En Covelas, a unos 17 km, lama es «lodo», como a orillamar.

Ademais, Eladio Rodríguez di no seu diccionario:

En las Enciclopedias y Diccionarios españoles figura el vocablo *lama* como voz gallega, con el significado de «extensión de terreno llano y sin piedras». No creemos que esta definición sea exacta como tal palabra gallega.

4. DALLA, s.v. *llama*, *la* [consulta 06/09/2024]

5. LLA, s.v. *llama* [consulta 06/09/2024]

Na literatura galega (*Tesouro Informatizado da Lingua Galega* = TILG) son escasísimos os posibles exemplos da palabra con outra acepción distinta á de 'lodo'. Pero quizais se lle poida atribuír á palabra *lama* o significado de 'prado' en Risco (1962: 587), que menciona que unha das funcións do Concello é a que «trata do arrendamento ou ordeamento [*sic*] dos *pastos da lama*» ou en García Paz (1935: 184) nos versos «Brilante coleóptero que rilla na esmeralda da pradeira verdescente, *pacía* a besta na *lama*».

Non obstante, e pese a escaseza de exemplos na lexicografía, son significativas estas descrições dun texto etnográfico da zona do Saviñao (Lugo), con referencia a varios topónimos *Lama*:

¿E sitios comunales a onde levaban as vacas ? X — Pos , era ó monte , eiquí comunales non había, unicamente a *Lama de Sampil* i á *Lama* esta...

¿ E pantanos había ? X — Na *lama de Sampil* e no Fontao tamén había pantanos ; — E cando un rego levaba moita auga . ¿ A qué se debía ? X — O que más auga levaba era o da *Lama* , a'uga era de chover e rebentaban os mananciales , porque antes chovía más qu'ahora ; — ¿Como era a *lama* de Sampil ? X — Tiña os seus sitios dos pantanos qu'inda os ten hoxe, hoxe se cuadra non os ten porque como non choveu... (Sánchez Rodríguez, 1983: 34).

E, nalgúns zonas de Galicia, parece que aínda ten a acepción de terra de pastos ou algo semellante, como cremos que indican algúns textos que atopamos por Internet:

A verdade é que o lugar é espectacular, unha chaira a 1300 metros de altitude, unha *lama* enorme que está entre Galicia e Portugal, e que aínda hoxe ten durante todo o verán unha boa cabana de vacas barrosás, afeitas á este tipo de montaña e ao pasto duro destas *lamas*.⁶

Na Idade Media, o s. *lama*, ademais do significado semellante ó rexistrado no DRAG de 'barro' («e per esta maneyra || jaz o demo na *lama*» a.1264-1268 CSM), os textos demostran que na toponimia (onde é moito máis frecuente que como voz común) designaba un tipo de terreo de aproveitamento agrícola, («omnes ipsas *lamas* et ipsas devesas cum aquis vel fontes, cum arboribus» a.934 CODOLGA; «terras cultas vel incultas, pumares cum suis terrenos, cesares, ameixinares, castaniarres, perales, avellanarres, *lamas*, lineares, pradis, pascuis padulibus, rius, ripas, solidos de molinos...» a.1005 CODOLGA), «in illa veiga ad illa *lama* cum III pumares» a.1085 CODOLGA) e este debe ser o significado maioritario na toponimia.

No léxico común, o significado medieval de 'prado, terreo de pastos' debe ir apropiando na maioría de Galicia a voz *lameiro* 'prado que polas súas condicións naturais ou mediante a rega está ben abastecido de auga todo o ano' (DRAG, s.v., acep. 3). Polo tanto, talvez fose preciso un estudo máis profundo sobre a inclusión desta acepción para *lama*.

No Atlas Lingüístico Galego (ALGa), a voz *lama* non figura nunca directamente en relación con outras que designan un terreo de aproveitamento para pasto. *Prado* si figura entre as variantes dialectais de *lameira*.

6. <<http://patrimoniogalego.net/index.php/102173/2020/04/mamoa-de-lama-grande>> [consulta 06/09/2024]

2.2. Etimoloxía

A voz *Lama*, aínda que se coñece en latín, é pouco usada e ten o significado de 'pantano, lamazal' (Gaffiot, s.v.); esta orixe latina é a que se lle atribúe á palabra *lama* en castelán no DRAE. Ernout e Meillet (1932: 603) non propoñen ningunha etimoloxía para ela, din que é rara no latín, que só a atestan dous autores e que tamén a encontran no letón e no lituano, aínda que pode ser pura coincidencia. Apunta á posibilidade dunha orixe protoindoeuropea de Vaan (2008: 324), que afirma: «En teoría, o letón *lāma* y el latín *lāma* poden ámbolos dous remontarse a [pie] **leh2-mo-*, pero a posición illada de *lāma* e a posibilidade de que as palabras bálticas deriven da raíz **lem-* 'romper' fan que la conexión sexa bastante incerta».

Meyer-Lübke (1935: 395), que a inclúe no *Romanisches etymologisches Wörterbuch* rexístraa (e tamén algúns derivados) en linguas de Italia, Suíza, España e Portugal, en xeral co acepción de 'lodo', pero no trasmontano como 'prado descochado' e no galego como 'terra destinada a pastos'.

Outros autores crena prerromana. Pokorny (1959: 653-654) inclúea no *Indogermanische etymologisches Wörterbuch* e opina que dificilmente é verdadeiro latín, porque aínda que é apelativo no norte de España, no norte de Italia e no sur de Francia e que se rexistra na onomástica do norte de Portugal e España, en Córsega, no norte de Italia e na Apulia (zona véneto-iliria), tamén se encontra no letón e no lituano, consideradas das máis arcaicas da linguas indoeuropeas, e no finés, unha lingua urálica.

Álvarez Maurín (1994: 213-214) recolle as procedencias que distintos autores lle atribuíron a esta voz, desde Menéndez Pidal, que fala de ambro-lígur-iliria, Hubschmid celta, ata Corominas, que admite a orixe latina.

Nas obras toponímicas galegas adoita referirse sen dúbidas como voz prerromana. Elixio Rivas (1982: 128) di:

Al NO. no lo trajeron desde luego los romanos, pues hay referencias anteriores. La dispersión observada es típica de un estrato quizás ambro-ilirio, no bien determinado aún. Si fuera latino tampoco estaría ausente en otras partes romanizadas.

2.3. Primeiras documentacións

A voz *lama* documentámola por primeira vez nun topónimo do NO da Península mencionado en Ptolomeo, *Λάμα*, lugar que algúns autores sitúan en Cáceres (Búa, 2018: 165), en zona vetoa. Tamén *lamatigom*,⁷ que pode ser unha forma emparentada, figura nunha inscrición datada entre o s. I d. C (Simón Cornago, 2019, §26), encontrada, quizais non por casualidade, no lugar de Lamas (Moledo, Castro Daire, Portugal).

En textos da Gallaecia do *Parroquial suevo* (sec. VI)⁸ rexístrase un derivado *Lamecum* ou *Lamegum* (o actual Lamego, en Portugal, topónimo que aparece tamén como *Lameco* no numerario suevo); nesta

7. Esta é a lectura proposta na web [Hispania Epigraphica](#). Outros autores len *Lamaticom*.

8. CODOLGA

mesma fonte citanse os topónimos *Eruilie Lama* (quizais A Lama, Reigada, Monforte)⁹ e *Campos de Lamas* (*Comitatus dicitur Nauiensis*) (talvez, e sería curiosa a inversión, *Lamas de Campos*, parroquia da Fonsagrada, ou *Lamas*, na parroquia de Cervantes), aínda que estes dous nomes figuran nas interpolacións, consideradas máis tardías. *Lama Dorna* menciónase en 787 nun texto do *Tombo Vello de Lugo*; é un lugar sen localizar, quizais en Celeiro (Viveiro) ou en Cervantes, segundo anotacións posteriores do propio tomo; tamén hai un *molino de Lama* na zona do Incio (*Onitio*) do ano 854 no Tombo de Samos (CODOLGA).¹⁰

2.4. O topónimo noutras linguas hispánicas

Encontramos o topónimo no N.O. (Galicia, Asturias, León e Segovia) e tamén en Portugal.

En Asturias encontramos topónimos coas seguintes variantes *Llama*, *La L.lama*, *Llamas*, *L.lamas*, *Llames* e *L.lames*; parece que hai tamén unha forma masculina *Llamo/L.lamo* (parroquia e concello de Riosa) (vid. a web *Toponimia Asturiana*, s.v. *La Llama*).

En León, as formas *Lamas*, *San Tirso y Lamas* (no Berzo) e (*La/Las*) *Llama(s)*.

Valdelama en Salamanca.

O topónimo segoviano *Ituero y Lama* (ata 1916 chamábase só *Ituero*), segundo a Wikipedia, débese á unión dos lugares de *Ituero* (proveniente do nome de *Domingo loán de Fituero*) e *Lamas*, de fundación medieval y repoboados con xente de Galicia, aínda que non encontramos referencias que o certifiquen. O topónimo *Ituero* (lat. > FICTARIUM, de *fictus* var. de *fixus*,) ten os cognados *Itero* (Burgos, Palencia), *Fitero* (Navarra), *Fitoria* (Asturias) e, en galego, *Fitoiro* (Riesco Chueca, 2005: 235); son lugares de fronteira, como *Fitoiro* (parr. de Bretoña, Pastoriza, Lugo), no límite entre as antigas dioceses britoniense e lucense.

E en Portugal (A/As) *Lama(s)*.¹¹

2.5. Derivados e cognados

Enumeramos os derivados da voz *lama*. Como moitos son tamén voces comúns produtivas aínda hoxe, non sempre poderemos saber se son de creación recente ou non. Para determinar a súa antigüidade, achegamos as atestacións máis antigas que se localizaron.

9. Fernández Calo (2020: 1093) interpreta a palabra *lama* co significado latino («un pantano *Eruilie lama* no Páramo lucense»). Se se cotexa a localización que propón Ibáñez Beltrán (2019: 163) do *Castrum de Zauaga*, *Petrosum montem super Eruilie Lama*, límites do *Comitatus Paramensis* coa da actual parroquia de *Chavaga*, o monte *Pedrouzo* e *A Lama* (parr. de Reigada) en Monforte de Lemos, parece que esta podería ser a aldea mencionada no Parroquial suevo, perdido o modificador, pois hoxe non rexistramos na zona o nome de lugar *Erville*, un antropotopónimo, que si dá nome a unha entidade de poboación en Cela, Mos, Pontevedra.

10. Todas as atestacións medievais que se mencionan no artigo proceden desta fonte.

11. Lémbrese que en portugués non se considera que o artigo forme parte dos topónimos polo que non se rexistran con eles. É o uso na fala local e nos textos escritos oficiais o que os determinan.

(A) *Lamela* (e (As) *Lamelas*), formados co sufixo diminutivo latino -ĒLLA, e os compostos (*Lameliña*) son os derivados de *lama* máis frecuentes na toponimia galega. Topónimo e voz común están atestados desde polo menos o séc. VIII («uilla *Lamella*» a.747, «ad illas *lamellas* iuxta ipso arrogio» a.800 CODOLGA).

Lameiro (e tamén compostos: *Os Lameiros de Abaixo*, *Os Lameiros de Arriba*, *Lameiros do Monte*, *Lameiros de Quende*) é un derivado co sufixo A⁻RI[~]A, -A⁻RI[~]U que atestamos coa forma galega romance desde o séc. X («et aliam uillam in *Uadapia* (Babia), quam dicunt *Lameira* per terminos suos» a.949 CODOLGA), referida a un topónimo leonés da comarca de Babia sen localizar, que hoxe podería ter a forma *Llamera*, a habitual no resto do leonés, onde a rexistramos como voz común en a.951, quizais xa coa palatalización inicial «per illam *lameram* e per termino de domno Guysando» (Álvarez Maurín, 1994: 213), que parece presente en «auellanares, amexinares, salgarios, amenarios, *llamas*, linares, pratus, pascuis» de 1009.

En Galicia, *Lameiro* e *Lameira*, se sumamos plurais e compostos, son os os segundo derivados de *lama* máis frecuentes. En Asturias hai *Llameiru*, *Llamera*, *L.lamera* e *L.lameres*. En León, o devandito *Llamera*. En Portugal rexistramos tamén *Lameira*, *Lameiras*, *Lameiro*, *Lameiros* e compostos.

Lamego (Seira, Rois, Co; Salamonde, San Amaro, Ou; Camanzo, Vila de Cruces, Po) que contén, segundo Bascuas (2002: 42), o sufixo prerromano -ekom (o mesmo de *Arnego*, *Orvego* e *galego* < CALLAECU).

En Asturias hai *Llamigu* e *San Esteban del Rel.lamiegu* (> RIVUM LAMAECUM). En Portugal, o xa citado *Lamego*.

Lamiño (lugares en Brión e Cambre; tamén en Portugal *Laminhos*), con atestacións no séc. XII (*et in Laminus* a.1092 LiberFideiBraga, quizais algún dos actuais topónimos portugueses) e XIII (*meam domum de Lamino*, referido á aldea de Brión a.1220 CODOLGA),¹² é en opinión de Búa (2018:165) un derivado de *lama*, aínda que cun sufixo prerromano, distinto polo tanto do latino -inus, -a, que é o que deben conter *A Lamiña* (Celaguanes, A Peroxa, Ou), con valor diminutivo ou co de 'da materia de' como *Pontepedriña* < PETRINEAM; un topónimo semellante está atestado no séc. XI (*Lamina Longa*, a.1006 CODOLGA). Conteñen tamén este último sufixo latino os topónimos *Lameiriño* (Vilameá de Ramirás, Ramirás, Ou), documentado polo menos desde 1632 AHUS e *Lameliña* (Bora, Pontevedra, Po); esta última localidade non a atestamos ata Madoz, onde se recolle como *Lamaliña*.¹³

En Portugal rexístranse *Laminho* e *Laminhos*.

O topónimo *Lamiñosa* (Soria, Guadalaxara) non parece ser derivado de *lama*. A localidade de Guadalaxara está atestada como *famminosa* no séc. XIII.¹⁴

Lameiriño (Vilameá de Ramirás, Ramirás, Ou) formouse a partir de *Lameiro*, co sufixo -inu. Documentámolo polo menos desde o séc. XVII (*lugar de Lameiriño*, a.1632 AHUS).

12. Tamén se cita, aínda que non sabemos cal é a localidade referida, nunha cadea onomástica *Diagaluerus de Laminno* a. 1390 CODOLGA.

13. Un topónimo semellante *lamellines*, *lamallinas* ou *lamellinas*, segundo os editores, figura nun documento de 1073 da catedral de Lugo (CODOLGA).

14. Transcríbese o documento en Blanco y Sánchez (1899: 115).

En Portugal tamén hai *Lameirinho* e *Lameirinha*.

Lameirós (> LAM-ARI-ÖLOS, Tardade, Vilalba, Lu), diminutivo de *Lameiro*, non puidemos atestalo ata o séc. XX.

Temos en Portugal os cognados *Lameirão*, *Lameirões* (e tamén *Lamarão*).

A *Lamosa* (parroquia de Covelo, Po e lugar de Moimenta, Campolameiro, Po); *Lamosa* (Besomaño, Ribadumia, Po) e *Os Lamosos* (lugar da parroquia de Mañón no concello do mesmo nome, Co) conteñen os sufixos latinos -OSA, -OSU, de valor abundancial e formadores de adxectivos. As voces *lamosa* e *lamoso* con valor toponímico atéstanse en Galicia (CODOLGA) nos séc. X e XI, respectivamente.

En Asturias rexístranse *L.lamosu*, *L.lamoso*, *Bañal.lamosu*.

Lamazares (Camba, Rodeiro, Po) formouse co interfixo -c- e o sufixo plural colectivo -ALES, con disimilación da segunda líquida que pasa de -l- a -r- (Cf. tamén os leoneses *Llamar* e *Llamazares*. O mesmo étimo ten *Lamazáns* (na parroquia de Pontearas do concello homónimo),¹⁵ cun -n- non etimolóxico resultante do hiato que xerou a perda do -l- (cf. *Fentáns*, *Rubiáns*...). No séc. XIII documentamos en textos do mosteiro de Melón (CDMelón) os topónimos *Lamazalle* e *Lamazaes*, que non puidemos identificar.

En Portugal, rexistramos *Lamaçais* (San Pedro de France, Viseu). Atéstase un topónimo portugués como *Lamazares* no séc. IX (a. 899, CODOLGA).

Lamaceda (en San Pedro de Viveiro, Viveiro, Lu), co mesmo interfixo -c- e o abundancial -ĒTA, rexístrase desde o séc. XII (*ortas que vocantur de Lamaseda* a.1122-1465 CalMondoñedo; *loahán de Lamaseda* a.1472 SDViveiro). *Lamacido* (Loiba, Ortigueira, Co) podería ser unha variante do sufixo en -ido, neste caso masculino, aínda que como está rexistrado como *Lamazide* en 1761 nas comprobacións de Ensenada (CCME-LoibaOrtigueira, imaxe 225), do mesmo xeito ca *Lamacide* (Labrada, Abadín, Lu, polo menos rexistrado desde Madoz), podemos pensar que estes dous presentan relaxación da vogal final, quizais contaminados polos antropotopónimos en xenitivo; tamén poderían considerarse, o que cremos máis probable, resultado de LAMA mais CITI, xenitivo do antropónimo medieval *Cide* (cf. *Vilacide de Abaixo* e *de Arriba*, Oroso, Co; *Vilacide*, nas parroquias de Cabreiros e Sandamil, Xermade, Lu; e *Cardecide*, Cuntis, Co). Vid. Navaza (2006: 345).

No topónimo *O Lamagal* (Sumio, Carral, Co), hai un interfixo distinto ou, máis probablemente, a sonorización dun -k- primitivo e o sufixo latino -ALEM. O nome de lugar galego testámolo por primeira vez nas comprobacións de Ensenada (CCME-SumioCarral a.1761, imaxe 174). En Madoz figura por erro como *Samagal*.

15. Presenta xa esta forma nas comprobacións de Ensenada (CCME-Pontearas a.1762 imaxe 187), cando o atestamos por primeira vez.

En Portugal hai *Lamegal* e, sen interfixo, os plurais *Lamais* (< LAMALES) e *Lamares*, este último con disimilación da líquida do sufixo, que non desaparece, e un cognado *Lamás* na microtoponimia galega, con perda do -L- intervocálico e asimilación das vogais (a'es > aas > ás).

L.lamargal, *El L.lamargal*, en Asturias (cf. *llamarga*, *llamargo* 'barro, lodalzal' en asturiano e leonés. Así explica estas formas García Arias (TopAst, s.v. *La Llama*), aínda que cremos que a etimoloxía presenta problemas:

Con un sufixo *-SORICAM se habrá formado el apelativo *llamuerga* 'lodazal', acaso también su sinónimo y variante **llam(u)arga* > *llamarga*, a no ser que partamos de otro también prerromano pero conocido -ARA, **LAMARŠICA* (femenino de **lamaricus*) > *llamarga* (DEEH).

Este autor engade ademais o topónimo *Llamardal*, que «podría entenderse desde *llama* 'lodo' combinado con los abundativos -ar + -eda + -al».

Lamigueiro Novo e *Lamigueiro Vello* (A Barqueira, Cerdido, Co; tamén *Lamagueiro* na microtoponimia en Palas, Lu; Paderne e A Laracha, Co), se non son derivados de *lama* e proveñen de **LAMACARIUM* ou **LAMECARIUM*, poden facer referencia ó *lodoeiro* (*Celtis australis*; cast. *lodón*, *almez*) ou ó *chopo negra* (*Populus niger*) ou *chopo branco* (*Populus alba*), xa que algúns autores como Sarmiento e Sobreira rexistran as voces *lamagueiro* e *lamigueiro* con eses significado (Navaza, 2006: 305-306). Atestamos unha forma *Lamegario* en 1192 (CODOLGA), que se corresponde cun actual microtopónimo *Lamigueiro* (A Cabana, Ferrol, Co).

Lamascal (Fecha, Santiago, Co), co sufixo abundancial lat. -ALE, está atestado polo menos desde a.1523 (AHUS). O sufixo -ASC- é prerromano e presente en distintas áreas da Romania.

O asturiano *A Lamisqueira*, podería conter o topónimo anterior co sufixo -ARIA.

A *Lamea* (Ordes, Toques, Co) podería ser unha variante de *lama* ou talvez un derivado, pero non temos certeza. Cf. o microtopónimo *Lameares*, (Muños, Ou), que podería ser variante do tamén microtopónimo *Lamares*, (Castrelo do Val, Ou). Claramente hai que descartar que sexa o feminino dun nome persoal *Lamenus* (nome aboadado en Albertos, 1966: 127). O topónimo de Toques atéstase en cadeas onomásticas polo menos desde o séc. XVI (*Lope da Lamea*, da Paradela, Toques, a.1568 GALICIANA) pero non se mantivo como apelido, aínda que se segue rexistrando no séc. XVIII (*Juan da Lamea* a.1762 CCME-OrdesToques, imaxe 56) e aínda nos dous primeiros terzos do séc. XX (PARES). Unha forma semellante parece *Llaméu* e *Llameo* en Asturias, que García Arias considera colectivo ou abundancial para (TopAst, s.v. *La Llama*).

Outros derivados poden ser *Lamestra* (Feás, Cariño, Co; tamén na microtoponimia de Foz e O Valadouro) e *As Lamestras* (Cervo, Cedeira, Co). Non puidemos atestar os topónimos. *Lamestra* é voz común moi frecuente en Otero Pedrayo cun significado semellante ó de 'lama', pero non parece encontrarse en ningún outro autor incluído no *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG) e tampouco en ningún dicionario:

«Os alertas arredor da cidade botaban , ós seus tempos regoados , os seus callaus na *lamestra* do sono» (O señorito da Reboraina, 1960: 75)

«... a gandra non perdeu a tona de *lamestra* moi sensitiva ás variacións do tempo e da luz» (*Xeografía*, 1962: 23) «... tiña medo e tremaba como lirio branco e esquencido na *lamestra* outoniza» (Rosalia, 1985: 218)

«Non había un ano afogara un neno, un neno parvo, nunha *lamestra* de augas podres formada nas invernías por baixo do lugar das Laxiñas» (*Narrativa Breve*, 1993: 260)

«mais pola falla de entendemento embulleirárase en calquera *lamestra* se non fose polo consello...» (*O mesón dos Ermos*, 1984: 71).

Poderíase interpretar como unha variante de *lamesta* (cf. *congosta* e *congostra* > COANGUSTA; STELLA > *estrela*), que se podería explicar como unha haplloxía de *lama mesta* > *la(ma)mesta*. Non temos apoio documental para corroboralo, porque esta forma só a documentamos unha vez, *Rodrigo de Lamesta*, veciño de Santiago, a.1562 ACS.

Laméstrega (Ambroa, Irixoa, Co) parece, con respecto a *Lamestra*, unha formación paralela á de *lustró* (de *lustrare* 'purificar'), *lóstrego* (lat. vg. **lustricare*). O nome do lugar figura aínda como *Lamestra* na comprobación de Ensenada da parroquia (CCME-Ambroalrixoa, a.1761, imaxes 192, 199...), pero seguramente non estivese habitado, pois non está entre as entidades de poboación da parroquia nin en Madoz nin aínda no Nomenclátor de 1920.

2.6. Compostos

2.6.1. *Lama*, núcleo dun SN

O substantivo *lama* funciona como núcleo dun sintagma nominal acompañado doutro elemento con distintas funcións:

Lama + adx.

A palabra *lama* vai acompañada dun adxectivo:

Lama Má (< lat. MALAM) (Loureda, Arteixo, Co)

Lamagrande (O Saviñao, Lu e O Pereiro de Aguiar, Ou) ~ (A) *Lama Grande* (Abadín, Lu e Cartelle, Ou).

Lama Redonda (Bóveda, O Incio, Monforte de Lemos e Viveiro, todos en Lu) ~ *Lamarredonda* (Ramil, Castro de Rei, Lu).

Lama Retorta (Novelúa, Monterroso, Lu).

Lamaboa (Lugo e Xove, Lu e Gomesende, Ou) ~ *Lama Boa* (Vilar de Donas, Palas de Rei, Lu).

Lamalonga; *Lamapodre* (Sobreda, O Saviñao, Lu).

A *Lamasaída* (Garabás, Maside, Ou). Co part. do lat. *salire* 'saltar, brincar' (cf. Gaffiot: *aqua saliens* 'auga corrente'). *Lamasusán* (Amoedo, Pazos de Borbén, Po). De LAMAM SURSANAM 'lama de arriba'.

Lamaquebrada (Fión, O Saviñao, Lu). Co part. de *crepare* 'estalar' 'partir con estrépito'; relativo ó terreo 'con moitos e moi pronunciados desniveis'.

Lamas Maiores (Caborrecelle, Portomarín).

Tamén hai este tipo de compostos (con adxectivos) con derivados de *lama*: *Lameiro Quente* (< lat. CALĒNTEM) (Entrambosríos, A Merca).

Lamigueiro Novo e *Lamigueiro Vello* (A Barqueira, Cerdido, Co).

Teñen a mesma estrutura o asturiano *Llamascura*, o leonés *Lamagrande* (dúas localidades no Berzo) e os portugueses *Lamachã*, *Lamalonga*, *Lameira Pequena*, *Lameira Fría*, *Lameirancha*, *Lameira Cimeira*, *Lameiro Longo* e *Lameiro Morto*.

En ocasións, o segundo elemento pode ser un adxectivo ou, máis probablemente, como os que se enumeran algo máis adiante, un substantivo con perda do enlace preposicional *de*:

Lama Retorta (Novelúa, Monterroso, Lu). De RE + TORTAM, part. de *torquere*, lt. vg. *torcere*. A voz *retorta* ten a acepción de 'cambio moi pronunciado na dirección dun camiño, estrada etc.', pero tamén é adxectivo co significado de 'moi torto, con moitas voltas'.

Lama Forcada (Nogueira de Ramuín, no concello do mesmo nome, Ou). *Forcada* é un derivado de FŪRCAM 'forca, instrumento agrícola' e fará referencia á forma do terreo; tamén se lle podería aplicar, como adxectivo, a un terreo bifurcado, que imita as gallas ou dentes do apeiño.

Lamapulleira (lugar de Anseán e San Cosme de Manán, no Corgo, Lu). Posiblemente unha alteración de *piolleira* 'lugar de piollos' ou un fitotopónimo cf. *herba piolleira* ou aínda alteración de *bulleira*, feminino de *bulleiro*¹⁶ 'lama', 'terreo onde nace auga e se fai lama', derivado co suf. -*ariu* do lat. *bullā* 'burbulla de auga'; *pulleira* sería tamén aplicable como adxectivo a unha lama abundante en piollos.

Lamarregueira (Camporramiro, Chantada, Lu), *Lamarrigueira* (Farbán, Sarria, Lu).

Lama + Ø + sub^t

Noutros casos é claramente un substantivo con perda do nexos preposicional:

Lamabecerros (Vilarmosteiro, O Páramo, Lu).

Lamapereira (Ousende, O Saviñao, Lu).

Lamacamiño (Mariz, Chantada, Lu).

Lamaigreja (lugar e parroquia da Pobra do Brollón, Lu).

A orde pódese invertir e lama ocupar o segundo lugar do sintagma:

Portolama (Lamas, San Sadurniño, Co e Anafreita, Friol, Lu).

Tamén cun derivado e como segundo elemento, *Campo Lamela* (Salamonde, San Amaro, Ou).

16. «Decidido o amo a acabar co criado, mandó uno con porcos para unha *lama de bulleiro* e sitio fangoso, pra que quedasen enterrados no fango il e máis os porcos» (O [amo tolo que buscaba criado](#)).

Lama + nome persoal

Aínda que hoxe os falantes os entenden como unha única palabra opaca, na súa estrutura profunda conteñen un nome persoal de propietario:

Lamabelide (Sa, O Páramo, Lu). Con BELLITI, xen. do nome persoal latino *Bellitus*.

Lamacemón (Vilarmosteiro, O Páramo, Lu). Nicandro Ares (2013: 630) propón que o segundo elemento sexa o nome *Simón* ou *Cemonius*. Cf. *vilare Acemon*, tamén no Páramo, a.1081, CODOLGA.

Lamamarín (Merlán, Chantada, Lu). Formado co xen. MARINI, do nome persoal latino *Marinus* (Piel, 1947: 311).

Lamartín (Loureiro, Samos, Lu). Para Piel (1947: 311), tamén está formado por *lama* e o xen. MARTINI do nome latino *Martinus*.

Lamaná (Boizán, Vilalba, Lu). Podería conter o nome *Annana* (Abascal (1994: 276). Cf. *Annanna* a. 796, CODOLGA (aínda que tamén *Annania*). Non sabemos se é o topónimo da cadea onomástica *Juan de Lamana* a.1572 ACS.

Lamasandrei (Xián, Taboada, Lu). Contén o xen. SANDEREDI do nome medieval de orixe xermánica *Sanderedus* (Piel, 1976: § 231).

Lamansián (Mabegondo, Abegondo, Co). Co xen. ANSILANI, do nome medieval de orixe xermánica *Ansila(ne)* (Piel, 1976: § 17). Vid. tamén Piel (1947: 311)

Lamarcide (Xudán, A Pontenova, Lu). Contén, segundo Piel (1947: 312), un segundo elemento *Cide*, como *Lamacide* xa tratado atrás, pero é difícil de explicar o <r>. Propoñemos como nova hipótese o xen. do nome *Marcitus* con haploloxía da sílaba <ma>.

Lamasapín (Chain, Mazaricos, Co), Contén, segundo Piel (1947: 312), o xenitivo SAPPINI, do nome latino *Sappinius*, variante de *Sapinius* (<*Sabín*, Narón, Co, e Montederramo, Lu), as dúas atestadas en Galicia (*Sappini* a. 871 e *Sapini* 772, CODOLGA¹).

Lamasendín (Arcos, Chantada, Lu). Está formado co xen. SINDINI do nome medieval de orixe xermánica *Sindinus* (Piel, 1976: § 241).

Lamadeite (Berrande, Vilardevós, Ou). Como *Casardeite*, *Cardeite* e *Viladeite*, debe conter o xenitivo do nome *Eita* (Boullón 1999: 1959).

Lamasgalán de Arriba e *Lamagalán de Abaixo* (Aciveiro, Forcarei, Po). O segundo elemento pode ser o nome persoal *Galán* (cf. *Galanus* a.863, CODOLGA; vid. Piel, 1947: 312), aínda que habería que partir dunha variante con <ll> **Gallanus*; ou do topónimo e apelido toponímico *Galán* (1646 portadores, CAG), pois hai o lugar de *Galán* en Laro, Silleda, concello veciño a Forcarei, e tamén os microtopónimos *Galáns*, *Campo Galán*, *Portas de Galás*.

En *Lamastelle* (Liáns, Oleiros, Co) podemos supoñer tanto o xenitivo *Astilli* de *Astilius* como *Astildi* de *Asteldes*, nomes de orixe xermánica cun primeiro elemento que se considera variante de *ast-* 'leste' (Piel, 1976: § 26).

En Asturias encontramos *Lamasanti/Llamasanti*, que podería conter como segundo elemento o xen. SANCTII do nome latino *Sanctius*, aínda que García Arias (TopAst, s.v. *Fuensanta*) considera, posto que o encontra atestado como *Sancti Johannis de Lama*, que se trata do xenitivo SANCTI da voz común *sanctus* e que se debe interpretar como «la pradera o la campá del santo».

2.6.2. *Lama*, núcleo de un SN + SPrep

Como núcleo dun sintagma nominal seguido dun sintagma preposicional, que pode conter un nome de posesor, pode conter a súa posición relativa no territorio ou a súa relación con outro lugar.

Lama + SPrep. = *de* + posesor

Como variante da estrutura, máis antiga, en que *Lama* vai acompañado do nome do posesor en xenitivo.

Lama de Paio (Torbeo, Ribas de Sil, Lu, e en Lampaza, Rairiz de Veiga, Ou). O antropónimo provén do acus. do nome latino *Pelagius* 'do mar'.

Lamas de Abade (O Castiñeiriño, Santiago de Compostela, Co). Contén o nome persoal latino *Abbatas* (Piel, 1976: § 35n). Cf. os topónimos galegos *Bade* (Po), *Vilabade* (Lu), *Abade* (Lu).

Lama de Mena (Negrelos, Rodeiro, Po). *Mena* é moi posible que se refira o apelido toponímico, con probable relación co lugar de *Mena de Babia* (Cabrillanes, León) ou co *Valle de Mena*, municipio burgalense.¹⁷

Lama de Rei, no Mosteiro, Cervantes, en que *Rei* ou ben é apelido ou indica a antiga xurisdición do lugar, iso é, que a terra era reguenga.

Coa mesma estrutura rexistramos en Asturias *L.lamas del Mouru*.

E, en Portugal, *Lamas de Conde*, *Lamas de Cavalo* (en que *Cavalo* pode ser un apelido ou un referente orográfico); *Lamas de Orelhão* (> AURELIANI); *Lamas de Podence* (> POTENTII), se non fai referencia directamente á parroquia lindeira de Podence; *Lamas de Mouro*; *Lameira de São Pedro*; *Lameira de Santa Eufémia*; *Lameira de São Geraldo*; *Lamas da Missa*, estas e as anteriores referidas a posesións eclesiásticas; *Lama de Ouriço*, aínda que sen certeza, podería conter como segundo elemento unha alteración de *Ouriz* > AUDERICI, xen. de *Audericus* (Piel: 1976: § 31); *Lamas do Conde*, *Lameira da Ordem*.

Lama + SPrep. = *de* + posición relativa

O sintagma preposicional indica a localización do lugar con respecto a outro.

Lamas de Abaixo (Bulso, Sober, Lu).

17. A etimoloxía de *Mena* é escura. Tense identificado con *Amania* citada en fontes clásicas, pero non hai certeza. Hai algo menos de 300 persoas en Galicia co apelido *Mena*, segundo a *Cartografía dos apelidos de Galicia* (CAG), aínda que ningunha na actualidade no concello de Rodeiro. *Mena* figura en cadeas onomásticas de textos galegos desde polo menos o séc. XII. O lugar de *Lama de Mena* está atestado polo menos desde 1762 (CCME-NegrelosRodeiro).

Lamas de Arriba (Bulso, Sober, Lu).

Lamagalán de Abaixo (Aciveiro, Forcarei, Po).

Lamasgalán de Arriba (Aciveiro, Forcarei, Po).

Incluimos aquí os derivados *Os Lameiros de Arriba* (Ligonde, Monterroso, Lu), *Os Lameiros de Abaixo* (Ligonde, Monterroso, Lu), *Lameiro do Monte* (Razamonde, Cenlle, Ou), *A Lamela de Abaixo* (Coruxou, Irixoa, Co), *A Lamela de Arriba* (Coruxou, Irixoa, Co) e *A Lamela do Medio* (San Pedro de Losón, Vila de Cruces, Po).

Do mesmo xeito temos en Asturias *Llames de Riba*, *Llames de Baxu*.

En León, *Llamas de la Ribera*, referido á ribeira do río Órbigo.

E en Portugal, *Lamas de Cima*, *Lameiras de Baixo*, *Lameiras de Cima*, *Lameiro do Mar*, *Lamelas de Cá*, *Lamelas de Lá*, *Lameiro da Lagoa*, *Lameiro da Serra*, *Lameiro das Antas*.

Lama + SPrep. = *de* + topónimo

O sintagma preposicional indica a súa relación cun lugar veciño.

A Lama do Franco (Moreda, Monforte de Lemos, Lu). Posiblemente faga referencia a un lugar de paso franco, exento de pagamento, que existiu como microtopónimo (cf. «Tres ferrados de viña al Franco...» a.1761 CCME-MoredaMonfortedeLemos)¹⁸ ou, menos probablemente, ao apelido *Franco* 'francés'.¹⁹

A Lama da Vila. O segundo elemento quizais faga referencia a *Vilavexe*, topónimo composto polo latín *VILAM* + *AVIDI*, xen. do nome persoal *Avīdus* (Piel, 1984: § 56),²⁰ aldea da mesma parroquia.

A Lama de Fente (Santa Mariña do Castro, Carballedo, Lugo). *Fente*, xenitivo *FAVENTII*, do nome persoal *Faventius* (Nicandro Ares, 2013-II: 762), é un lugar da parroquia veciña de Santa Cristina de Asma.

A Lama de Outeiro (Moreda, Monforte de Lemos), contén o nome de lugar de *Outeiro*, na mesma parroquia de Moreda. Aínda que nos parece menos probable, pode conter o apelido toponímico.

A Lama do Outeiro (Rosende, Sober, Lu). Seguramente relativo ao lugar chamado *O Outeiro*, nesa mesma parroquia. Tampouco se pode descartar que conteña o apelido toponímico, do mesmo xeito que outra dúas localidades *A Lama dos Campos* e *A Lama do Sobrado*, citadas máis abaixo.

A Lama do Río (Espasantes, Pantón, Lu). O río mencionado é o Cabe, que discorre ao seu pé.

18. Imaxes 105, 113...

19. Na actualidade hai arredor de 80 persoas co apelido *Franco* en Monforte de Lemos (CAG). O lugar debe de ser de habitación recente, pois non figura nos nomenclátors ata a década de 1940.

20. *Avidio* figura como nome feminino en a.935 CODOLGA e tamén rexistramos unha forma patronímica ou matronímica, *Martini Auidici* a.1154 CODOLGA. Quizais non debamos descartar o xenitivo de *Vegius* a.940, 945, 952 CODOLGA.

Lamas de Brosmos (Lobios, Sober, Lu). O sintagma refírese a Brosmos, parroquia do mesmo concello, documentada como a.841 *Verossimo* > a.1154 *Verosmo* > *Brosmo*. Para Bascuas (2014: 124-125) o nome desta parroquia está creado a partir dun radical prerromano indoeuropeo *wer-* 'humedecer, mollar, fluír' e o sufixo superlativo *-imo*.²¹

Lamas de Campos e *Lamas de Moreira* (lugares e parroquias da Fonsagrada, Lu). *Campos* e *Moreiras* refírense ós respectivos lugares do mesmo nome de cadansúa parroquia. Parece menos probable que proveñan dun apelido toponímico

Lamas de Pacios (Pacios, Baralla, Lu). O sintagma fai referencia á pertenza do lugar á citada parroquia.

Poderíamos incluír tamén neste grupo *A Lama dos Campos* e *A Lama do Sobrado* (Rosende, Sober, Lu). *Campos* e *Sobrado* (lat. > *SUPERATUM* 'o que destaca, o que sobresaí') poden facer referencia a microtopónimos locais. Un sitio dos *Campos* figura mencionado en 1761 en CCME-RosendeSober onde tamén rexistramos xa como entidade habitada *A Lama dos Campos*.²² Non obstante, *Campos* e *Sobrado* son tamén apelidos toponímicos²³. Atestamos *Lama dos Campos* xa como entidade habitada tamén en 1761 CCME-RosendeSober²⁴ e *A Lama do Sobrado* en Madoz.

Lama do Prado (Brosmos, Sober, Lu) tamén pode ter como segundo elemento un microtopónimo ou un apelido.²⁵

Lamas de Ríos (Caborrecelle, Portomarín, Lu) atestado polo menos desde 1761 CCME-CaborrecellePortomarín²⁶ como *Lamas de Río*, xa como *Lamas de Ríos* en Madoz, e con 8 habitantes no nomenclátor de 1970, hoxe parece estar deshabitado e derruído e tampouco se rexistrou no traballo de campo de recollida de microtoponimia do concello e está pendente de revisión no NG. Segundo a cartografía en que se rexistra a localidade, o *Río* do nome primitivo (o *Ríos* actual debe ser secundario) é o Rego de Lamas que recibe o seu nome por nacer no lugar de *Lamas Maiores*, na mesma parroquia.

Con esta estrutura encontramos en León *La Llama de la Guzpeña* (en relación a unha terra medieval que figura como *Guspeña* en 1385 PARES); *Llamas de Cabrera* (na comarca de La Cabrera); *Llamas de la Ribera* (do río Órbigo), *LLamas de Laciana* (na comarca de Laciana) e *Llamas de Rueda* (localidade do municipio de Cubillas de Rueda).

21. Bascuas (2014) considera que hai evolución regular, agás no plural (datado xa no séc. xv), que é secundario e pode deberse a que o topónimo designaba varias realidades.

22. CCME-RosendeSober, imaxe 119. Non parece que un lugar que figura no rexesto dun documento de 1612 do mosteiro de Meira (ARG) como *La Lama dos Campos* sexa o mesmo ca este de Sober.

23. Hai sobre 30 persoas apelidadas *Campos* no concello de Sober. Non rexistramos alí o apelido *Sobrado*, pero é característico de concellos da veciña comarca de Chantada e tamén o hai no concello lindeiro de Monforte de Lemos.

24. Imaxe 119

25. Segundo o CAG hai doce ocorrencias do apelido *Prado* no concello de Sober.

26. Imaxe 53, 55...

En Portugal, *Lamas de Olo* (antiga freguesía onde nace o río Olo) e *Lamas do Vouga* (antiga freguesía pola que pasa o río Vouga). Cabe mencionar, aínda que o segundo elemento non é toponímico, *Lama de Arcos*, unha das chamadas aldeas promíscuas, porque antigamente a atravesaba a fronteira con Galicia e dividíaa en dúas, que, ó parecer recibe o nome dos arcos dunha ponte medieval hoxe desaparecida.

2.6.3. *Lama*, núcleo dun SPrep.

Como núcleo do complemento (unha frase preposicional) dun sintagma nominal. *Lama* pode ter valor apelativo como nome común, referirse unha entidade de poboación ou, menos probablemente, a un apelido.

SN + SPrep. (*de + Lama* = Apelativo):

Nos seguintes casos, non hai ningún outro topónimo *A Lama* ou *As Lamas* no concello e, se o hai, non deben ter relación por non haber proximidade.

Eixe de Lamas (Baltar, Melide, Co).

Campo de Lamas (Barro, Noia, Co).

Gándara de Lamas, A (Calo, Vimianzo, Co).

Vilar de Lamas (Meanos, Zas, Co).

Eido de Lamas (Sabucedo, Porqueira, Ou).

Casa da Lama, A (Recelle, Portomarín, Lu)²⁷.

Casa da Lama, A (Ousende, O Saviñao, Lu) podería ter relación con lugar próximo de Lamas, pero o uso da preposición e a distinción de número parece que o descartan.

Campo de Lama (Ordes, Rairiz de Veiga, Ou). Non hai o topónimo na parroquia e non parece probable que teña que ver con *Lama de Paio*, na de Lampaza.

Portela de Lamas, A (Pardesoia, Forcarei, Po). Non hai o topónimo na parroquia nin no concello; tampouco no concello do Irixo, co que estrema.

Rega da Lama, A (Santo Estevo de Budiño, Salceda de Caselas, Po).

A Viña de Lama (Xinzo, Pontearreas, Po). Aínda que hai o lugar de *Lamas* na parroquia, en plural, está lonxe, polo que debe ser apelativo ou apelido.

Rúa da Lama (Lubre, Bergondo, Co).

Carreira da Lama (parroquia de Arbo, no concello do mesmo nome, Po). Hai o lugar *A Lama* na parroquia pero non está cerca.

27. Este lugar figura por erro no actual NG como *O Casa da Lama*.

En Portugal, parece responder a esta estrutura *Vilar de Lamas*, pois non hai o lugar de Lamas nin na parroquia nin nas proximidades.

SN + SPrep. (*de + Lama* = Entidade de poboación)

A Torre de Lama, A (Ribeiras do Sor, Mañón, Co). Hai o lugar de *Lama* na parroquia.

Chao de Lamas (*Lamas*, San Sadurniño, Co). En referencia á parroquia.

Vilar de Lamas (Nespereira, Sarria, Lu). Hai o lugar de *Lamas* na parroquia.

Castro de Lamas (*Lamas* de Moreira, A Fonsagrada, lu). En referencia á parroquia.

Coto de Lamas (*Lamas* de Moreira, A Fonsagrada, Lu). En referencia á parroquia.

San Martiño de Lamas (*Lamas*, Cea, Ou). En referencia á parroquia, que ten a advocación de San Martiño.

O Alto das Lamas, (Aguada, Carballedo, Lu). Hai o lugar das *Lamas* na parroquia.

En Portugal encontramos a mesma estrutura en *Santa María de Lamas* (parroquia de Santa María da Feira), *São José da Lamarosa* (parroquia de Coruche), *Venda da Lamarosa* (na parroquia de São José da Lamarosa), *Chão de Lamas* (na parroquia de Lamas, Miranda do Corvo).

2.6.4. Outras composicións

Haxiotopónimo + *de Lama(s)* ou derivados

En nome de parroquia, en que a advocación forma parte do topónimo.

Non existe en Galicia.

En Asturias é nome de parroquia *San Esteban del Rel.lamiegu*.

En Portugal rexistramos os topónimos *Santa María de Lamas* (parroquia de Santa María da Feira), *São José da Lamarosa* (parroquia de Coruche).

Lama(s) = apelido

En orixe, *Lama(s)* era apelido dos habitantes e deles recibe o nome a localidade.

Os Lamas (Soaserra, Cabanas, Co). Dos apelidos *Lama* ou *Lamas*. Cf. na mesma parroquia os topónimos *Os Sardiñas* e *Os Durás*, provenientes dos apelidos *Sardiña* e *Durán*.²⁸

Porto + (AD) + *Lamoso*

Porto ten a acepción de 'zona, nunha montaña ou nun río, por onde resulta máis doado o paso'.

Portalamoso (Xiá, Friol, Lu). De PORTU AD LAMOSU.

28. Os catro apelidos mencionados rexístranse no concello de Cabanas, que aínda hoxe é o segundo municipio en porcentaxe de portadores do apelido *Sardiña* (CAG).

É máis probablemente un adx. *lamoso* 'abundante en lama' en *Portolamoso* (Curtis, Curtis, Co), igual ca no asturiano *Brañal.lamosu*.

Prep. *tras* (> TRANS) + *lama*

Traslama dos Ferreiros (Os Ferreiros, Monterroso, Lu).

Terlama (Ferroi, Guntín, Lu) .

Treilamas (Ventosa, Agolada, Po).

É seguramente un cognado o asturiano *Tresllames*.

3. SOBRE OS OUTROS TOPÓNIMOS FRECUENTES PROCEDENTES DE VOCES COMÚNS PRERROMANAS

Por limitación de espazo, non podemos afrontar neste artigo a mesma análise para os demais topónimos citados ó inicio; por iso nos centraremos en enumerar só algúns aspectos significativos.

3.1. Os demais topónimos (*Veiga, Rego, Coto, Gándara, Barreiro, Carballal, Bouza, Carballo, Laxe, Regueiro, Barral, Carballeira, Barcia/Barxa*) presentan en xeral moita menor variabilidade morfolóxica cá familia de *Lama*. Por poñer un exemplo, *Veiga*, o segundo en frecuencia, só nos ofrece na toponimia maior os derivados *Veiguicela* e *A(s) Veiguiña(s)* e na microtoponimia *(A) Veicela / As Veicelas, A(s) Veiguela(s)* e seguramente *O Veiguello*.

Só *Carballo* e os seus derivados (dous deles *Carballeira* e *Carballal* tamén entre os topónimos máis frecuentes) e *Coto* e derivados (*Cotiño, Cotelo, Cotedo, Cotillón, Cotorelo, Cótaro, Coto...*) se lle asemellan en produtividade.

3.2. Algúns dos étimos clásicos propostos para estes topónimos están en cuestión ou presentan problemas fonéticos ou léxicos, aínda que non se discute a súa orixe prerromana. Tal é o caso de *Veiga, Rego* e *Coto*.

Mencionaremos só o caso de *Veiga*, para o que, Carlos Búa (2017: 61-64), aínda que recoñece que semanticamente se acomoda moi ben, rexeita a teoría de Schuchardt que recolle Corominas (*BAICA, equivalente ó vasco *ibaiko*), con varios argumentos que sinalan, entre outras cuestións, a) que unha forma primitiva co ditongo <ai> se adaptaría ao latín con <ae> (*callaici* > *callaeci*, **baika* > **baeca*), polo que terminaría dando os resultados galego *vega* e castelán *viega*; b) que resulta insólito que o étimo **ibaiko* proposto non deixase en ningunha lingua descendentes con *i-* inicial, ou c) que o cambio da vogal final só se explicaría por influencia externa. A isto hai que sumar que as primeiras atestacións son case maioritariamente con *v-* inicial (coa excepción de *beica de Porma* a. 943CDCatLeón). Por estes motivos, o autor propón un étimo **va(G)ica*, en que *G* é «calquera fonema susceptible de perderse nese contexto», derivado dunha forma **va(G)o*, que podería significar 'río'. A etimoloxía tradicional xa fora anteriormente rexeitada por Bascuas (2014: §43.7.)

4. CONCLUSIÓNS

Lama é a primeira das palabras vivas de orixe prerromana na formación de topónimos e unha das máis produtiva en derivados. A análise da familia léxica permite engadir, a partir dun só étimo, un número considerable de topónimos ó Toponomasticon Hispaniae.

A maioría dos topónimos que produciu xa se documentan na Idade Media, moitos na alta Idade Media. As atestacións como nome de lugar amosan que o seu significado medieval 'prado moi húmido, terreo para pastos' varía con respecto ó que presentan os dicionarios latinos ('pantano, lodazal'); o significado 'lodo, barro', tamén xa atestado na Idade Media, é o único que hoxe rexistran os dicionarios, pois o orixinario que deixou topónimos parece que está en desaparición para a voz común, substituído por *lameiro* e *lameira*.

5. BIBLIOGRAFÍA

- ALBERTOS FIRMAT (1966): *La onomástica personal primitiva de Hispania Tarraconense y Bética*. Salamanca, CSIC.
- ÁLVAREZ MAURÍN, M. del Pilar [1994]: *Diplomática asturleonese (terminología toponímica)*. León, Universidad de León.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (2012, 2013) *Estudos de toponimia galega*. A Coruña, Real Academia Galega. 2 vols.
- BASCUAS, Edelmiro (2002) *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo, Universidade de Vigo.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- BOULLÓN AGRELO, Ana (2021)
- BÚA, Carlos (2018): «Veigha: léxico e fonética da Galicia prelatina», en A. I. BOULLÓN AGRELO, *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas*. Anexo 75 de *Verba*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- ERNAUT, A. - MEILLET, A. (1932): *Dictionnaire Etymologique de la Langue Latine*. Histoire des Mots. Paris, Librairie C. Klincksieck.
- FERNÁNDEZ CALO, Martín (2020): *Xenealoxía do poder local Galaico na antigüidade*, Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela, USC.
- GAFFIOT, Félix (1934): *Dictionnaire Illustré Latin-Français* <<http://gaffiot.org>>
- GARCÍA PAZ, M. (1935): *IV Melodía*. Ourense, Imp. La Industrial.
- IBÁÑEZ BELTRÁN, Luis Manuel (2019): *La villa de Monforte y la Tierra de Lemos en la Edad Media*, Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela, USC.
- MADOZ, Pascual (1845-50). *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid, Imprenta del Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de D. Pascual Madoz.
- MEYER-LÜBKE, W. (1935): *Romanisches Etymologisches Wörterbuch*, Heidelberg, Carl Winters Universitätsbuchhandlung.

- MORALEJO ÁLVAREZ, Juan José (2005): «Arco(s), Busto(s), Pazo(s). ¿Toponimia de ganadería?» en A. I. BOULLÓN et al., eds., *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2005, pp. 219-237
- NAVAZA, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1960) *O señorito da Reboraina*, Editorial Galaxia: Vigo.
- (1962) *Xeografía (Historia de Galicia)*. Tomo 1, Nós: Bos Aires
- (1984): *O mesón dos Ermos*, Editorial Galaxia: Vigo.
- (1985): *Rosalía*, Editorial Galaxia: Vigo. OTERO PEDRAYO, Ramón (1993): *Narrativa breve*, ed., introdución e notas de Xosé María Gómez Clemente, Editorial Galaxia: Vigo.
- PIEL, Joseph M. (1947): (1947): «As águas na toponimia galego-portuguesa», en *Boletim de Filologia* 8, 4, pp. 305-342.
- (1984): «Novíssimas achegas à história da tradição antropto-toponomástica mais antiga latina no Noroeste galaico», en *Verba* 11, pp. 5-24.
- PIEL, Joseph M. - KREMER, Dieter (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen- und Ortsnamen der iberischen Halbinsel*, Heidelberg: Carl Winter.
- POKORNY, Julius (1959): *Indogermanisch etymologisches Wörterbuch*, Berna: Francke.
- RIESCO CHUECA, Pascual (2006): «Anotaciones toponímicas salmantinas», en *Salamanca, Revista de Estudios*, 53, pp. 185-264.
- RISCO, Vicente (1962): *Etnografía: Cultura espiritual*, Tomo I da *Historia de Galiza* (Otero Pedrayo, dir.) Editorial Nós, Bos Aires.
- RIVAS, Elixio (1982): *Toponimia de Marín*. Anexo 18 de *Verba*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, H. (1983): *A fala da parroquia de Seteventos*. Memoria de licenciatura inédita. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- SIMÓN CORNAGO, Ignacio, «La paleografía y datación de la inscripción lusitana de Lamas de Moledo», *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 49-1, 2019 [consulta 28/02/2024].
- VAAN, Michiel de (2008): *Etymological Dictionary of Latin and the other Italic Languages*. Leiden Indo-European Etymological Dictionary Series, Volume 7. Leiden-Boston: Brill.

ABREVIATURAS

- NG = *Nomenclátor de Galicia*
- BTA = *Buscador de Toponimia de Política Llingüística de Asturias*
- NGE = *Nomenclátor Geográfico de Municipios y Entidades de Población*
- LLA = *Léxico Leonés actual*
- DRAG = *Dicionario da Real Academia Galega*
- DRAE = *Diccionario de la Real Academia Española*
- DALLA = *Diccionariu de la Llingua Asturiana (DALLA)*
- DdD = *Diccionario de Dicionarios*
- DPLP = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*
- CAG = *Cartografía dos Apelidos Galegos*
- TopAst = *Toponimia Asturiana. El porqué de los nombres de nuestros pueblos*